

PLAN LECTOR TAMBRE

ALA DELTA



A rapaza da fiestra

Xavier Estévez

Ilustracións
Fernando Llorente

antes da lectura

1 **Observa** a cuberta e **responde**.



Quen cres que é o personaxe que aparece?

Que está facendo a rapaza?

Cal imaxinas que pode ser o argumento desta historia?

Por que pensas que están os cristais rotos?

2 Le a contracuberta do libro e **responde**.

Quen é o autor do libro?

Quen é o ilustrador?

Onde naceu o autor? A que cidade está ligado?

A que se dedica?

Que cousas lle gustan?

Que fai desde pequeno?

Como se chama o neno protagonista desta historia?

Que lle regalan a Lucas e que vai descubrir tras os vidros dunha fábrica en ruínas?

3 Que é o que non podes ver a través dun telescopio se o dirixes ao sistema solar? **Indica** as formas alleas.

cometa

estrela

macela

asteroide

planeta

astro

cornixa

firmamento

lúa

faísca

galaxia

preguiza

durante a lectura

1 **Contesta.**

Como se chama o protagonista?

Que lle ocorre?

Cantos anos ten?

Que ve polo telescopio?

Como era a rapaza?

Con quen vive na casa Lucas?

De que ten morriña Lucas? Para que quere sandar?

Que música escoita a nai na casa?

Que é o que acontece? Que feito determina a súa existencia?

Que escribiu a nena na lousa?

Onde vai Lucas co pai?

2 **Completa** con «b» ou «v» o seguinte texto.

A mañá amenceu fría. Unha né___oa densa a___oiaba no patio de atrás ocultando as casas do outro lado. As ár___ores xurdían daquela masa ___ranca como pantasma mo___endo os seus ___razos. Lucas sentou no ___ordo da cama e compro___ou que xa non se marea___a. A súa gorxa tamén esta___a mellor e demais conseguira durmir toda a noite dun tirón. Le___aba días sen logralo. Durante un tempo os seus pais mesmo esta___leceran quendas para durmir con el e espertalo cando tusía dándolle aquel xarope que tan mal sa___ía.

3 **Selecciona** entre estas palabras as que se corresponden con cada unha das definicións posteriores.

zarrapicar cornixa firmamento van preguiza esvaecer
cismar hipnótico alucinación xarope

Parte saínte ornamental formada por molduras superpostas, que coroa un edificio por debaixo do tellado ou a parte alta dun moble, dun muro, etc.

Falta de vontade para traballar ou para realizar calquera acción importante ou sen importancia.

Pensar con insistencia e de modo obsesivo en algo que preocupa.

Estreitamento do corpo humano por riba das cadeiras.

Preparado natural ou químico, líquido e de sabor agradable que se toma como medicina.

durante a lectura

4 **Clasifica** as palabras polo seu número de sílabas.

socato _____

faísca _____

gabardina _____

van _____

salón _____

deslongarse _____

ensimesmamento _____

crecho _____

chisco _____

alucinación _____

matinar _____

científico _____

rapaza _____

hipnótico _____

ceibe _____

5 **Corrix**e os erros de ortografía.

O sol tardou en atrabesar a neboa case todo o día. Cando o conseguíu, a media tarde, fiseo cunha luz fevle e hamoucada. Retallos da neboa continuaron avoiando sobre os tellados sen moverse, formando raras figuras. Lucas dexexou estar na rua, respirar fondo e tal vez ir ao parque xogar. Votaba moito de menos aos amigos.

6 A partir da descrición que se fai no texto, **debuxa** a Lucas.

Lucas pensou en como o vería ela. Tamén pequeniño, con aquela camisa azul abotoada ata arriba e o seu pelo crecho tentando manterse peiteado.

7 Define as seguintes palabras e **fai** unha oración con elas.

Faísca: _____

Moumeo: _____

Crecho: _____

Chisco: _____

Zarrapicar: _____

Macilenta: _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

durante a lectura

8 **Define** as seguintes palabras e **fai** unha oración con cada unha delas.

Colgadoiro: _____

Matinar: _____

Leme: _____

Ladaíña: _____

Vedraño: _____

Devalo: _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

9 **Atopa** as seis diferenzas.



10 **Indica** cales son os sinónimos relacionados.

inserir atopar guerra agarimo cariño ventá
xanela come papar encontrar matinar
faísca espaxer ciscar cavilar cismar contenda
loita chispa muxica achar afecto fiestra

durante a lectura

1 **Contesta.**

Que sucede de novo na rutina de Lucas?

Cal é o sentir da rapaza?

Que é OPEKTA?

A rapaza pídelle a Lucas que faga algo, que cousa?

Lucas volve á escola, a quen non volve ver?

A quen paran tres uniformes das SS? Que levan na chaqueta?

Que lle di Samuel a Lucas no recreo?

A quen se lle atribúe a invención do telescopio?

Quen estudou moito os astros antes ca el?

Onde lle di o pai que levan os xudeus?

Que gran segredo agochaba o faiado?

Que lle pinta nun papel Lucas á rapaza? Que significa?

Quen se presenta na casa da familia E.? Que buscan? Quen denuncia?

Onde e a que hora quedan de verse a rapaza e mais el?

Como se chama a rapaza?

2

Sabes quen foi Ana Frank? **Investiga** e **fai** un pequeno resumo da súa historia.

durante a lectura

- 3 **Relaciona** por medio de frechas o nome culto das enfermidades co nome popular.

NOME CULTO

amigdalite

constipado

ampola

hemorroides

luxación

influenza

prurito

hematoma

afonía

varíola

NOME POPULAR

negrón

bocha

arrefriado

almorrás

proído

anxinas

rouquén

gripe

vexigas

escordadura

- 4 **Completa** o texto coas palabras.

pestanexo fervedoiro murcho acolá océano bulideiros
morriña ledicia

Lucas decatouse de que o tempo pasara veloz coma un _____. A mañá fora un _____ de actividades e un reencontro coas materias que máis lle agradaban. Unicamente no recreo tivo tempo de sentirse só. O patio da escola víase _____. Grupiños de nenos parolaban aquí e _____, e os máis cativos andaban ás carreiras. Pero eran moitos menos nenos dos que integraran aquela comunidade escolar un par de anos atrás. Daquela o patio era un _____ repleto de peixes _____ e ruidosos. Lucas sentiu _____ de tales días e da _____ que o enchoupaba todo.

5

Busca no dicionario as seguintes palabras e **fai** unha oración con cada unha.

Ferruxe: _____

Cóxegas: _____

Anicar: _____

Zoupón: _____

Balbordo: _____

Nabiza: _____

Salouco: _____

Poalla: _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

• _____

durante a lectura

6 **Busca** as seguintes palabras no barullo de letras.

LUCAS PUCHARCA VOAXA AIREXA
POIRENTO BUFARDA XUDEU REPENIQUE

T	D	N	E	F	G	Ñ	M	L	T	S	E	O	B	H
Z	S	G	B	T	E	P	I	X	O	I	L	Ñ	Q	U
X	E	N	G	U	F	C	Z	E	U	L	S	H	G	R
T	E	C	G	G	S	M	A	T	S	D	A	M	C	V
T	N	V	C	B	G	X	M	X	Ñ	G	E	V	B	O
Q	A	V	M	O	V	A	C	R	A	H	C	U	P	Q
P	I	I	P	O	I	R	E	N	T	O	F	B	A	P
I	S	D	L	V	B	P	I	T	C	A	V	O	D	C
P	H	S	B	G	E	B	E	T	R	D	A	P	P	I
G	V	C	Z	N	T	T	Q	D	Q	A	N	V	V	O
S	X	A	I	R	E	X	A	S	U	V	V	N	Q	G
O	N	Q	L	X	S	B	H	W	L	D	Ñ	G	P	U
L	U	C	A	S	B	O	E	C	K	Y	U	C	C	D
E	T	Z	H	E	C	T	X	V	Z	X	F	V	Z	P
O	T	Z	Z	H	X	F	R	M	L	S	U	I	A	B

7 **Responde.**

De que ano a que ano tivo lugar a Segunda Guerra Mundial? Que países participaron na guerra?

Reflexiona sobre os conflitos bélicos. Por que debemos evitalos?

durante a lectura

1 **Contesta.**

Onde quedaban Lucas e Ana para verse?

Cando chega o verán onde vai Lucas?

Que medio de transporte emprega a familia para ir aló?

Foches algunha vez en tren? Se o fixeches, conta como foi a túa primeira viaxe en tren.

Quen está coa avoa?

En que cidade de Holanda vive Lucas coa súa familia?

Que acontece o día D? Que sucede para que sexa tan importante?

Que lles pasou a Ana Frank e á súa familia?

Quen é o primeiro amor de Lucas?

Como se chama a señora que axudaba a familia de Ana Frank?

Que lle dá a Lucas? Que lle di?

Por que é famosa Ana Frank?

2 Coloca «b» ou «v» onde sexa preciso.

Falaron repetidas _____eces das no_____as que ían chegando pola radio so_____re o desem_____arco _____ritánico en Francia. O 6 de xuño fora o día D: This is the day. A in_____asión xa comezou! O xeneral Einsenhower dixéralle ao po_____o francés: Espéranos un duro com_____ate, pero despois _____irá a _____itoria. 1944 será o ano da _____itoria total. Iso animáraos e enchéralles os corazóns de esperanza.

3 Define as seguintes palabras.

Chío: _____

Degoiro: _____

Colixir: _____

Buxaina: _____

Atoldado: _____

livián: _____

Atenazar: _____

Chícharo: _____

durante a lectura

4 **Indica** se son verdadeiros ou falsos os seguintes enunciados.

Ana Frank vive na fábrica onde facían as marmeladas.

Lucas ten dous curmáns: unha nena e un neno.

Para ir á casa de campo da súa avoa debe atravesar o país.

Ámsterdam estivo ocupada polos nazis durante a II Guerra Mundial.

A Señora E. morreu por mor dunha infección respiratoria.

Ana e Lucas comunícanse grazas ao telescopio.

5 **Constrúe** palabras encadeadas.

combate

verter

topónimo

respirar

parvo

zapato

telescopio

ocupar

volver

terminal


nalgures

rareza

6 **Imaxina** o día D e **debúxao**.

despois da lectura

1 **Ordena** as ilustracións.



2 **Imaxina** que non levan a Ana Frank. **Ponlle** outro final.

3 Ponlle outro título ao libro.

4 Escribe o que pensas das guerras. Por que suceden?

5 Imaxina a Ana Frank e debúxaa.

ficha de lectura



Título da obra: _____

Autor ou autora: _____

Ilustrador ou ilustradora: _____

Colección: _____

Serie: _____

Editorial: _____

Número de páxinas: _____

■ Cal é o protagonista principal da historia?: _____

■ Relación dalgúns personaxes secundarios: _____

Argumento

Lucas é un neno que vive en _____ durante a ocupación _____. El está enfermo e os seus pais regálanlle un _____. Mirando pola _____ observa a través do _____ unha _____ nunha vella fábrica de _____. A rapaza e el empezan a falarse todos os días á mesma hora. A rapaza chámase _____ e debe ser un _____ a súa existencia. Lucas promete gardar o _____, xa que esta confesa ser _____. A policía alemá persegue e deporta os _____. Un día o seu pai confesa que agocha dous _____ no faiado. O veciño denunciaos, pero cando a _____ entra os cativos xa están a salvo na casa da _____ de Lucas. Finalmente, _____ e a súa familia son deportados polos alemáns, pero _____, a señora que lles levaba comida, entrégalle a Lucas aquelas _____ do _____ de Ana que falaban del.

A túa opinión persoal

- Que é o que máis che gustou do libro?

- O que menos che gustou?

Gústache o final? Explica por que.

Pareceuche crible a historia?

- Valoración do libro: 1 2 3 4 5

- Recomendaríaslles o libro aos teus amigos? Explica por que.

Data da lectura: _____ Sinatura: _____